

Asociación Deportiva DARDOS GALICIA.



REGULAMENTO DE EVENTOS

TEMPADA 2011-12

WEB: www.addardosgalicia.com
Email: info@addardosgalicia.com

Normas xerais dos eventos.

1. Todos os eventos organizados pola Asociación Deportiva DARDOS GALICIA serán gratuítos para todos os asociados. Os asociados poderán participar libremente neles a excepción do Master, no que só participarán xogadores convidados pola asociación en función dos resultados obtidos en eventos previos, ben sexa gañándoos ou ben acumulando puntos.
2. Será obrigatorio presentar o carné de asociado para poder ser inscrito nun evento. Do mesmo xeito, o xogador deberá estar presente nos prazos indicados para a inscrición, non se anotará a ninguén fora de prazo ou por outros medios.
3. Para poder participar nos eventos, será obrigatorio que o xogador leve a uniformidade do seu equipo.
4. En xeral, os eventos organizados pola asociación regularanse, agás naqueles aspectos que a asociación dispoña de xeito diferente para cada evento, segundo o disposto no Regulamento de Xogo da Asociación Deportiva DARDOS GALICIA.
5. A asociación informará, coa debida antelación, da fecha, as modalidades e formato de xogo de cada evento a través da web.
6. Nas primeiras roldas do evento, mentres non haxa perdedores, a organización poderá designar anotadores entre os participantes.
7. O gañador dunha partida informará persoalmente á organización do resultado ao remate da mesma.
8. O perdedor dunha partida non deberá abandonar a cancha de xogo co obxectivo de anotar a seguinte partida que se haberá de disputar nesa mesma cancha. O xogador que non anote a partida que lle corresponde, recibirá sanción segundo o estipulado no regulamento de sancións desta asociación.
9. Os eventos individuais serán puntuables tanto para a configuración da Selección que representará a Asociación Deportiva DARDOS GALICIA no Campionato de España, como para obter praza para disputar o Master.
10. O campión de cada evento terá praza asegurada no Master independentemente dos seus puntos xerais. Así mesmo, o campión do Campionato Galego obterá praza directa á Selección. O resto de prazas, tanto para a composición da Selección Galega como dos participantes no Master, completaranse segundo a clasificación xeral de puntos.

11. En xeral, agás naqueles casos no que a asociación estipule un sistema de puntuación diferente, o sistema de puntuación será o seguinte:

- **Puntos obtidos xogando nun cuadrante a dobre KO:**

1º --- 40 p.	5º --- 22 p.	9º-12º --- 9 p.	33º-48º -- 3 p.
2º --- 35 p.	6º --- 18 p.	13º-16º --7 p.	49º-64º -- 2 p.
3º --- 30 p.	7º --- 15 p.	17º-24º -- 5 p.	
4º --- 26 p.	8º --- 12 p.	25º-32º -- 4 p.	

- **Puntos obtidos xogando nun cuadrante a KO directo:**

1º --- 40 p.	5º --- 22 p.	9º-16º --- 9 p.
2º --- 35 p.	6º --- 18 p.	17º-32º -- 5 p.
3º --- 30 p.	7º --- 15 p.	33º-64º -- 3 p.
4º --- 26 p.	8º --- 12 p.	

12. A Asociación Deportiva DARDOS GALICIA resérvase o dereito de modificar estas normas para o mellor desenvolvemento dos eventos.